

AQUI CÁNTASE é unha actividade de promoción do canto tradicional a desenrolar por un grupo numeroso de persoas no entorno urbano da cidade de Pontevedra.

A data de celebración será o venres 11 de agosto, e a participación é voluntaria previa inscrición, que non terá custo e se fará exclusivamente a efectos de encadre nas xornadas previas de ensaio.

INSCRIPCIÓNS:

www.pontevedra.gal/supercantos

Teléfono: 986 80 43 00 ext 7107

Co fin de coordinar aspectos técnicos fundamentais como o tons, tempos, pezas a executar, etc., celebraranse previamente xornadas de ensaio en determinados centros culturais e/ou veciñais do Concello, entre os meses de abril e xullo.

Ensaio no Centro Cultural de Lérez: Antepenúltimos LUNS de cada mes (10 de abril, 8 de maio, 12 de xuño e 10 de xullo)

Ensaio no Centro Cultural do Gorgullón: Penúltimos XOVES de cada mes (20 de abril, 18 de maio, 22 de xuño e 20 de xullo)

Ensaio no Centro Cultural de Salcedo: Últimos XOVES de cada mes (27 de abril, 25 de maio, 29 de xuño e 27 de xullo)

OBXECTIVOS

OBXECTIVO XERAL

- A promoción do canto tradicional, especialmente o que se realiza en conxunto e no exterior.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Recuperar o costume de cantar en grupo.
- Promocionar o comercio e hostalería da zoa monumental de Pontevedra.
- Fomentar a creación de grupos de música e canto tradicional.
- Integrar aos residentes na zona rural e urbana na realización dunha actividade conxunta.

LOCALIZACIÓN

Tal e como se dixo, a actividade desenrolarase en dúas fases:

PRIMEIRA FASE.- Vaise desenrolar nos meses precedentes ao evento, e trátase de realizar ensaios nos centros sociais ou veciñais do concello determinados a tal efecto:

- Centro Cultural de Lérez. Leandro del Río Carnota, 12 - 36005 - Pontevedra
- Centro Cultural do Gorgullón. R/ Curtidoira Nº1 36003 Pontevedra
- Centro Cultural de Salcedo. Aldea Cabanas, 4, 36143 Pontevedra

Nesta fase, será preciso contar con unha persoa que exerza de coordinador, e que se encargará de determinar todos aqueles aspectos a ter en conta no ámbito musical, como por exemplo, as pezas a interpretar e os detalles intrínsecos á técnica musical (ton, tempo, voces, etc.). A estes efectos, entregarase un libreto cas letras das pezas xunto con un CD-Rom no que irá a versión que se vai interpretar.

SEGUNDA FASE.- Será a intervención propiamente dita. Desenrolarase en **CATRO** prazas, e marcarase un percorrido único para tódolos participantes, con un punto de arranque e un de chegada.

As prazas serán:

- 1.- Praza de Ourense
- 2.- Paio Gómez Chariño (diante do Teatro Principal)
- 3.- Celso García de la Riega
- 4.- Praza da Leña (fronte ao edificio museo)

O horario será de 21:00 a 24: horas.

<https://www.youtube.com/watch?v=B7bQ0Qg8fDU>

<https://www.youtube.com/watch?v=bMnuYzviqLw>

<https://www.youtube.com/watch?v=j04YiM1H9O0>

<https://www.youtube.com/watch?v=jwcQDauNF9A>